



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN
	PAVIMENTACIÓN E ABASTECIMENTO A CURRÁS (CARDEIRO) E OUTROS
	EXP. 2024/C003/000001
	1ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2023

Visto o expediente para contratación da obra indicada financiada polo citado plan provincial e no que constan o seguintes antecedentes documentais:

- Proxecto Técnico de obra aprobado e asinado por técnico competente.
- Memoria de Alcaldía xustificativa da contratación con proposta de PCAP.
- Autorizacións sectoriais preceptivas para a tramitación do expediente.
- Informe do departamento de Secretaria - Intervención.

En consecuencia e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei de contratos do sector público 9/2017 de 8 de novembro e en uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía en materia de contratación pola DA 2ª da citada Lei, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación referenciado e o gasto que ocasiona con cargo ao vixente orzamento municipal, co seguinte detalle:

ORZAMENTO:	- Prezo sen IVE (Valor estimado): 128.468,80 €. - IVE do 21 %: 26+.978,45 €. - Prezo con IVE: 155.447,25 €.
PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN:	Procedemento Aberto Simplificado
CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN:	Pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática.
APLICACIÓN ORZAMENTARIA:	1532.61900

SEGUNDO.- Aprobar a proposta de PCAP que se achega ao presente decreto e o Prego de Prescricións técnicas incluído no proxecto de obra.

TERCEIRO.- Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público: <https://contrataciondelestado.es>, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

CUARTO.- Aos efectos de dar cumprimento ao disposto na LCSP 9/2017 de 8 de novembro e dar tramite ao presente expediente, a composición da mesa de contratación será a designada no Decreto 377/2019 de 16 de agosto e publicado no BOP NÚM. 158, de data 22 de agosto de 2019.

QUINTO.- Dar conta do presente decreto a Secretaría - Intervención municipal e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Decreto uno a Alcaldía en Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu, Sr. Secretario deste Concello, dou fe e traslado.